



Festival de la Luz

*Como ben sabedes a edición de 2013 do Festival terá lugar o **14 e 15 de setembro** en Andabao. Ao igual que o ano pasado haberá unha zona de acampada gratuíta, postos de comida no recinto do festival, actividades para os nenos, actuacións musicais todo o día/noite,...

As entradas están a venda nos **establecementos de Boimorto** ou ben a través da web de Novagaliciabanco, o **prezo mantense en 10€ (1 día solto) e 15€ (bono de 2 días)**.

Asemade recordámosvos que se estades interesados en formar parte do voluntariado que colaborará na organización do evento debedes anotarvos na Casa do Concello.

Ás persoas xa inscritas recordarlles que na semana do 26 ao 30 de agosto deberán pasar polo Concello onde lles indicaremos as tarefas e turnos a realizar no Festival, recordar tamén que aqueles que non presentaran fotocopia do DNI deben facelo canto antes.

Servizos Sociais

***Horario de verán dos servizos sociais:** Durante o mes de agosto os Servizos Sociais do Concello estarán á súa disposición na **Casa do Concello en horario de 9:00 h a 11:00 h . Dende as 11:00 h ata as 13:30 h** atenderase na residencia **só as urxencias**.

Deportes

***IV RUTA DE SENDEIRISMO:** "Descubre Galicia". Día: Sábado 24 de agosto de 10:00 a 14:00. **Ruta:** (circular, 15 kms. aprox. Dificultade media). Sitio de partida e chegada: campo de fútbol municipal. Faremos un percorrido polas

parroquias de Cardeiro e Buazo.

Recomendacións: calzado cómodo, gorra ou chuvasqueiro, calcetíns de reposto, levar comida e bebida (tentenpié).

Inscripcións: ata o día 22 na casa do concello. Mínimo 10 participantes. Actividade gratuíta.

***FÚTBOL 3 E 5:**

Campionatos das disciplinas de fútbol 5 para nenos e fútbol 3 para adultos. No campo de Herba artificial da Praza da Gándara. Os partidos serán de 20 minutos de duración e cun descanso de 2 minutos entre partes, o resto das regras están a disposición dos interesados na web do Concello.

Dúas categorías:

*Categoría base: De 7 a 15 anos.

De 11:00h. a 14:00h.

*Categoría adultos: a partir de 16 anos

De 16:00h. a 20:00h.

Haberá un trofeo para o vencedor de cada categoría

Inscrición: Ata o 8 de agosto no Concello. Primará a deportividade, de non existir esta, o equipo será eliminado do torneo .

***XIMNASIO MUNICIPAL:** durante estes meses de verán o ximnasio municipal contará con persoal cualificado para asesorar ós usuarios que queiran facer uso da instalación. Lembramos que para facer uso deste servizo debe posuírse o carné de socio o cal se pode tramitar nas dependencias do Concello.

Avisos

*Neste mes de agosto haberá unha charla de silvicultura, estean atentos aos carteis/bandos para saber a hora e lugar de celebración de dita charla. Nela explicaranse novas fórmulas produtivas para a explotación de zonas forestais.